

TRABALLO DE CAMPO

Historia baseada en feitos reais, dende os anos 1920 ata a actualidade.

POR Noelia Campillejo Pita



PRESENTACIÓN, INFANCIA, PRIMEIRAS LABORES

Meu avó se chama Manuel Pita Lage e naceu en San Mateo De Trasancos alá polo ano 1926 baixo o seo dunha familia humilde.

Levou a pesar diso unha boa vida, foi fillo único, tanto él coma seus pais traballaron nas terras. Cando tiña 5 anos seu pai, empezou a traballar en Bazán e a súa vida cambiou a mellor, (xa podía levar zapatos ...) . Comezou na escola de Catabois e máis tarde nunha academia en Amboage chamada Miguel de Cervantes. Lembra con moito aprecio ao seu mestre, xa que di que lle ensinou moitas cousas e moi útiles, nesa escola estivo ata os 11 anos.

Pero a vida naqueles tempo cambiou, no 36 comezou a guerra e foron tempos complicados, a súa vida cambiou de novo pero esta vez para peor. Comezou a traballar para unhas señoras na súa terra, recollendo patacas, pementos... e así poder vivir.

Meu avó como a maioría dos avós foi un gran traballador dende neno, adicouse a moitos traballos ademais da terra, cando se fixo algo maior, empezou a traballar nun taller de fontanería na Rúa do Sol en Ferrol, alí estivo durante un ano e medio, e mais tarde na Fenya onde tamén botou un ano e medio. Examinouse para entrar na Bazán e aprobou no ano 1943, no 1946 entrou na mili e estivo ata o 1948 no cuartel de instrucción, nun cruceiro “Miguel de Cervantes” na Galicia.. .

No ano 1947 morre a súa nai con 36 anos de idade dunha grave enfermidade, nese momento estaba navegando polo Mediterráneo cerca de Barcelona. No 1948 cando deixa o corpo militar, volve a Bazán onde estivo 25 anos y xubilouse en Astano.

XOGOS, RECORDOS NA ESCOLA, PATRÓNS E FESTAS POPULARES

Cando era un neno, gustáballe xogar na rúa cuns amigos vecinos e dúas nenas, daquela os xogos non eran coma os de agora, non había videoxogos, ordenadores... pero pasábano ben, xogando a os cabezudos con caixas de cerillas, as bolas, as pedras, facían corcos e o que quedaba no medio pandaba... algúns xogos todavía hoxe seguen coma as agachadas, e os polis e cacos!

Cando xa fixérase un pouco maior pasaba o seu tempo noutras actividades coma o fútbol, non tiñan botas daquela, pero si uns “zocos de coiro” así é como lle chaman, que estaban feitos de coiro por fora e de madeira, ían xogar a uns campos cheos de árbores no Souto, onde tamén pasaban o tempo roubándolle as pernas a un veciño que tiña moito diñeiro e vivía preto de alí.

Da escola ten bos recordos, aínda se lembra do nome do seu mestre, dos seus compañeiros.. as materias que mais lle gustaban era a Xeometría e a Historia, e lembra que das matemáticas o último que aprendeu foi o Álgebra. Foi a unha escola de debuxo e clases manuais de carpintería e soldadura.

Os patróns eran celebracións moi esperadas para o meu avó, a pesar de que a súa nai estaba enferma dende que él nacera, eran moi felices e alegres e lles iba moito a festa.

Os seus tíos tiñan terras en San Mateo, alí celebraban as festas, patróns... non celebraban os cumpreanos coma facemos hoxe, pero si a noiteboa, xuntábase toda a familia e bailaban e cantaban

toda a noite xunto a outras familias na porta da casa.

Cando xa tiña uns aniños máis iba as festas de San Mateo, San Pelaio, Santa Icíá, as do Couto, e as do Alto do Castaño (Onde coñeceu a miña avoa, tras demostralas súas dotes có baile). A súa nai levábao as romarías, a San Andrés de Teixido, a Betanzos, ela era unha fantástica bailarina de Xota, mazorcas... lle iba moito as festas .

RECORDOS DE NENO, VACACIÓNS DE VERÁN ...

Aínda era pequeno cando lle pediu os seus país que lle levasen a misa os domingos, e preparouse para faze-la primeira comunión, despois diso non volveu ata que casou.

Os veráns os seus país levábano a Praia pero só se tiña sarpullidos pola pel, xa que una vella da zona onde eles vivían decía que era bo para os nenos que a auga do mar o curaría. Lembra de ir a Covas, Valdoviño, pero non era moi amiguiño do mar... prefería quedarse en San Mateo xunto un regato que descubrirán os seus amigos e mais el, e pasar alí tardes pescando e collendo paxaros coma “Pardillos, xilgueiros, verderolos...”logo os vendían por dúas pesetas ou duros...

Tamén lembra que en épocas de comezo da guerra, había uns barcos que traían roupa e aparellos vellos para queimar, e que a eles, gustáballes ir a ver que cousas haberían interesantes. Un día foi con 4 amigos, e colleron de todo, pero o que máis lles chamou a atención foi un reloxo grande. Levárono para a casa, e pasaron toda a tarde xogando con el, a nai do meu avó mandouno para a casa porque comezara a chover, pero mentres él dende a ventá observaba como xogaban os seus amigos, de súpeto o reloxo estoupou nas mans dos rapaces, era unha bomba, os dous nenos morreron diante dos ollos do meu avó. Nunca esquecerá ese día no que podería haber sido él o mal afortunado.

Lembra cando xogaba cos seus curmáns, xogaban as batallas, con espadas feitas de paus de madeira...

Pero... non esquezamos a historia da miña avoa, que tamén tenche cousas moi interesantes.

Chámase María Pita López, naceu na Faísca polo ano 1928. Era dunha familia normal, pero vivían bastante ben, adicábanse o traballo no campo coma a maioría das familias da época, pero o seu pai tamén ía o mar, a recolle-las ameixas, berberechos..

Tivo dous irmáns e unha irmá, ela era a 3ª deles. De pequena viviu na Faísca ata os 10 anos, e ía a unha escola feminina onde só aprendeu o máis básico coma di ela, tamén lembra a súa mestra “Dona Carme”. Encantáballe debuxar, pintar, e estudar os mapas, provincias...

Máis tarde os seus país fixeron unha casiña en Cornido onde viviu case toda a súa vida, a casiña tiña patio e unha horta, pozo, tiñan dúas vacas, das que se encargaba principalmente a miña avoa, tiña que muxilas , levaban unha xarra de zinc con auga, lavábanlle os ubres y logo ordeñaba alí, o leite coábase e se fervía, lles daba de comer, de feito non podía ir a misa por ter que atendelas tódolos domingos pola mañá. Comezou a traballar nas terras coa súa nai con tan só 13 anos, plantaban patacas, pementos, tomates, xudías, maízo...

Xogaba a “Un, dos, tres zapatito quieto es” , a corda, a machito pedrolo... xogos de nenas. Non comezou a andar cos nenos ata uns anos máis adiante.

Lembra as festas que facían, non eran coma as do meu avó, nestas non se movían da casa, a penas saían, e ía a demais familia onda eles, alí celebraban o Nadal, e tamén cantaban e bailaban.

Un recordo que ten de pequena é que o seu pai, sempre lle cantaba os 4 irmáns cancións para que se

durmirán, ou lles contaba contos e historias fantásticas. A miña avoa iso gustáballe moito.

Xa de mais mociña comezou a saír, cando tiña uns 18, 19 anos. Saía pola zona de Xubia e Piñeiros, e ían os bailes, onde dábanlle as pezas e as lentas, eran os mellores momentos. Alí coñeceu o amor da súa vida, Loliño o meu avó.

No ano 1949 no mes de Novembro un día moi chuvioso, casaron na igrexa de San Martín de Xubia no Couto. Uns meses despois, marzo, naceu o primeiro fillo, Jose Manuel Pita Pita, e os 16 meses deste o segundo fillo Ángel Fernando Pita Pita, apuraron moito, e xa tiñan dabondo con dous meniños e con tanto traballo que tiñan daquela, pero os dez anos naceu unha meniña moi pizpireta e alocada chamada M^a Margarita Pita Pita, (Quen se non, miña nai...)

Cando os fillos foron pequenos viviron no Outeiro logo en Piñeiros e por último en Cornido.

A miña avoa o vir que xa estaba casada, e con 3 fillos púxose a traballar nun posto dunhas señoritas que xa non estaban para cargar con verduras, pero pagábanlle moi pouco.

Pero non moito despois ela e mailo meu avó comezaron a facer morteiros onde sementaban pementos, levábanos a feira e alí vendíanos. Co paso dos anos crearon unha pequena industria da venta do pemento, vendían centos e foron gañadores de varios concursos.

Unha vida chea de traballo e esforzo para sacar adiante a unha familia, e a eles mesmos, pero agora con 82 e 80 anos de idade disfrutan dunha vida tranquila, realizando os labores da casa, e facendo actividades persoais, por exemplo, o meu avó leva 18 anos nunha rondalla onde cantan a nivel rexional e tamén nalgúns sitios de fora e leva un ano aprendendo a tocala guitarra española, miña avoíña traballa na casa, mira as novelas da primeira, lee a pronto e xuntos aínda hoxe van os bailes, festas , a pasear tódolos días, de aquí para alá... Agora é cando realmente comezan a disfrutar da vida, cos seus fillos, netos e agora !! bisnetos!!